

XUVENTUR NEVE

Se tes entre 18 e 35 anos e queres gozar da neve, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ofrécete diferentes alternativas de participación, entre os meses de xaneiro e marzo de 2011.

Fins de semana de esquí e raquetas:

- Leitariegos en bus (León)

Semanas de esquí:

- Vallnord en bus (Andorra)
- Candanchú en avión (Jaca-Huesca)

❖ INSCRICIÓNS E RESERVAS

Podedes realizar a inscrición, unicamente na modalidade en liña, no enderezo da páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado www.xuventude.net, cubrindo o formulario existente para cada un dos programas.

Cada programa ten o seu formulario de inscrición específico, polo que deberedes telo en conta á hora de solicitar o voso destino (Leitariegos, Vallnord ou Candanchú) e asegurarvos de que cubrides o axeitado.

❖ PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición comezará o día 7 de xaneiro ás 9:00 horas. O formulario estará dispoñible na páxina web www.xuventude.net

❖ ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS

As prazas adxudicaránse por rigurosa orde de chegada das solicitudes e asignarásen ata esgotar todas as dispoñibles por programa.

No formulario de solicitude só se poderá elixir unha quenda.

No prazo de 5 días máximo, dende o envío da solicitude, recibiredes un correo electrónico no que se vos confirmará, de ser o caso, a adxudicación de praza e o número de conta bancaria para realizar o ingreso. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 5 días, entenderase que non se obtivo a praza.

Dende o día no que se vos confirme por correo electrónico a adxudicación de praza, teredes un prazo de 48 horas para enviar ao enderezo electrónico correspondente a seguinte documentación:

- Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participantes.
- Fotocopia escaneada do carné xove en vixencia (de ser o caso)
- Fotocopia escaneada do DNI

Aviso: A falta de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala, ocasionará a baixa automática do programa, e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en reserva.

❖ CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

- Xuventur neve está destinado a mocidade galega de entre 18 e 35 anos.
- Son viaxes en grupo e, xa que logo, hanse respectar os horarios establecidos, tanto para as saídas programadas como para os servizos opcionais.
- Durante a estancia nos aloxamentos respectarase as normas de organización interna en cada un deles.
- No referido ao material de esquí, é responsabilidade da persoa participante a devolución deste, nas mesmas condicións que o recibiu, polo que en caso de perda, deterioración ou roubo, as normas que se aplicarán serán as

de quen preste o material e cada participante ha de responder persoalmente.

- As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, incluso de cancelalo en caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- A realización e o desenvolvemento das actividades estará condicionada polas condicións metereolóxicas xerais.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas en caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- Se calquera das persoas participantes incumpra as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da viaxe, a persoa poderá ser expulsada da súa participación na actividade correspondente. Neste caso, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no se fará responsable da viaxe de volta de dita persoa. nin reembolsará ningunha cantidade económica.
- Será necesario levar a tarxeta sanitaria e o DNI durante a viaxe.

❖ Devolución de taxas

Só se procederá á devolución de taxas cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou cando a Administración cancele a totalidade da actividade (Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto legislativo 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan normas para a xestión da liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia).



PROGRAMA 1 – LEITARIEGOS (LEÓN) 2 Noites / 1 Día de Esquí / 1 Día de Raquetas

QUENDAS

(Xaneiro: 21-22-23 / 28-29-30)

(Febreiro: 4-5-6 / 11-12-13 / 18-19-20 / 25-26-27) (Marzo: 11-12-13 / 18-19-20 / 25-26-27)

XANEIRO 2011							FEBREIRO 2011							MARZO 2011								
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D		
					1	2		1	2	3	4	5	6		1	2	3	4	5	6		
3	4	5	6	7	8	9		7	8	9	10	11	12	13		7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16		14	15	16	17	18	19	20		14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23		21	22	23	24	25	26	27		21	22	23	24	25	26	27
24	25	26	27	28	29	30		28								28	29	30	31			
31																						

PARTICIPANTES

Mozos e mozas galegos de entre 18 e 35 anos

30 prazas por quenda.

TARIFAS

Con carné xove: (desconto do 25%) **120€/persoa**

Sen carné xove: **160€/persoa**

ACTIVIDADES

1 día forfait- 1 día de alugamento de equipo completo esquí carving ou snowboard (casco excluído) -3 horas de clases grupo- ruta guiada e alugamento de raquetas- transporte para actividades durante sábado e domingo. Unha visita de interese.

SERVIZOS INCLUÍDOS

Transporte: autocar ida e volta. Saídas os venres dende Galicia e volta o domingo. As horas e lugares concretos de saída, especificarásen cunha mensaxe ao voso enderezo electrónico. O desprazamento aos puntos de saída é por conta dos participantes

Aloxamento: albergue Campelin, en pensión completa (picnic para comida na estación). A distribución nos cuartos será de varias persoas por cuarto de xeito aleatorio. No aloxamento inclúense as sabanas pero NON as toallas.

- Asistencia técnica dende o comezo da viaxe.

- MATERIAL NECESARIO: útiles de aseo, toallas, pantalón de neve, camiseta térmica, forro polar, chaqueta para a neve, calcetíns de esquí, luvas, gorro, crema protectora factor alto, protector labial, lentes de sol/cifra e botas de montaña (obrigatorio levarlas para a actividade de raquetas), unha pequena mochila.

- A non utilización do forfait ou outro servizo, non supondrá, en ningún caso, a devolución do importe aboado.

PROGRAMA 2 – VALLNORD (ANDORRA) 5 Noites / 5 Días Esquí

QUENDAS

Xaneiro: 22/01/2011 ao 29/01/2011	XANEIRO 2011	FEBREIRO 2011
	L M M X V S D	L M M X V S D
		1 2 3 4 5 6
Xaneiro/Febrero: 29/01/2011 ao 05/02/2011	3 4 5 6 7 8 9	7 8 9 10 11 12 13
	10 11 12 13 14 15 16	14 15 16 17 18 19 20
	17 18 19 20 21 22 23	21 22 23 24 25 26 27
Febrero: 05/02/2011 a 12/02/2011	24 25 26 27 28 29 30	28
	31	

PARTICIPANTES

Mozos e mozas galegos de entre 18 e 35 anos

54 prazas por quenda.

TARIFAS

Con carné xove: (desconto do 25%) **296€/persoa**

Sen carné xove: **395€**

ACTIVIDADES

Visitas opcionais a Andorra, Caldea e Palacio de Hielo de Canillo (entrada non incluída); 5 días de forfait; 5 días de alugamento de equipo completo esquí (casco excluído) - 5 días de clase de esquí; 5 comidas en pistas. Inclúe transporte para actividades todos os días.

SERVIZOS INCLUIDOS

Transporte: en autocar ida e volta. Saídas os sábados dende Galicia e volta o venres. As horas e os lugares concretos de saída especificaranse cunha mensaxe ao voso enderezo electrónico. O desprazamento aos puntos de saída é por conta dos participantes.

Aloxamento: Hotel Sant Eloi de 3* (San Julia de Loria), en réxime de media pensión, as comidas (incluídas) faranse na estación. A distribución nos cuartos será en cuartos dobres e triplas de xeito aleatorio.

- Asistencia técnica dende o comezo da viaxe, a cargo dun director de tempo libre que coordinará todo o programa.

- **MATERIAL NECESARIO:** útiles de aseo, pantalón de neve, camiseta térmica, forro polar, chaqueta para a neve, calcetíns de esquí, luvas, gorro, crema protectora factor alto, protector labial, lentes de sol/cifra e botas de montaña, unha pequena mochila.

- A non utilización do forfait ou outro servizo non suporá, en ningún caso, a devolución do importe aboado.

PROGRAMA 3 – CANDANCHÚ (JACA-HUESCA) (En Avión) 5 Noites/5 días de esquí

QUENDAS

Febrero: 20/02/2011 ao 25/02/2011	FEBREIRO 2011	MARZO 2011
	L M M X V S D	L M M X V S D
	1 2 3 4 5 6	1 2 3 4 5 6
	7 8 9 10 11 12 13	7 8 9 10 11 12 13
	14 15 16 17 18 19 20	14 15 16 17 18 19 20
Febrero/ Marzo: 27/02/2011 ao 04/03/2011	21 22 23 24 25 26 27	21 22 23 24 25 26 27
	28	28 29 30 31

PARTICIPANTES

Mozos e mozas galegos de entre 18 e 35 anos

30 prazas por quenda.

TARIFAS

Con carné xove: (desconto do 25%) **352€/persoa**

Sen carné xove: **470€/persoa**

ACTIVIDADES

5 días de forfait na estación de Candanchú; 5 días de alugamento de equipo completo esquí/carving completo, composto por táboas, botas e bastóns (o material de snow terá un suplemento). 10 horas de clase de grupo (2 h/diarias). O venres soamente se esquía ata as 15:00 h.

SERVIZOS INCLUIDOS

- **Transporte:** ida e volta en avión dende A Coruña (saídas os domingos e volta os venres).
O desprazamento aos puntos de saída é por conta dos participantes.

Aloxamento: Hotel Mur de 2* (Jaca), en réxime de media pensión, **as comidas serán por conta dos participantes.** A distribución nos cuartos será en cuartos triplas, de xeito aleatorio.

-Asistencia técnica dende o comezo da viaxe.

- **MATERIAL NECESARIO:** útiles de aseo, pantalón de neve, camiseta térmica, forro polar, chaqueta para a neve, calcetíns de esquí, luvas, gorro, crema protectora factor alto, protector labial, lentes de sol/cifra e botas de montaña, unha pequena mochila.

- A non utilización do forfait ou outro servizo non suporá, en ningún caso, a devolución do importe aboado.



www.xuventude.net

Máis información na web www.xuventude.net, ou nos seguintes teléfonos:

Programa 1 – LEITARIEGOS (LEÓN)

Servizo de Xuventude de Ourense

Correo electrónico: benigno.gonzalez.alonso@xunta.es

Teléfonos de contacto: **988 386 118 | 988 386 120**

Programa 2 – VALLNORD (ANDORRA)

Servizo de Xuventude de Vigo

Correo electrónico: xuventude.voluntariado.vigo@xunta.es

Teléfonos de contacto: **986 817 080 | 986 817 078**

Programa 3 – CANDANCHÚ (JACA-HUESCA)

Servizo de Xuventude de Lugo

Correo electrónico: xuventudelugo@xunta.es

Teléfonos de contacto: **982 294 224 | 982 294 599**

Información xeral

981 957 057

881 999 314



D.L. PO-676-2010



XUNTA
DE GALICIA

xuventur
Neve 2011

XUNTA DE GALICIA